



Erasmus+

# Prácticas no extranxeiro

## QUE PODES SOLICITAR?

- Bolsas ERASMUS+ para realizar la FCT no extranxeiro.
- Bolsas ERASMUS+ para prácticas no extranxeiro de recién titulados.
  - Duración: as prácticas poden durar ata 12 meses pero só se recibe bolsa os 3 primeiros.
  - O periodo de prácticas debe completarse nos 12 meses posteriores á obtención do título.
  - De ter feito a FCT no extranxeiro dentro do programa ERASMUS+, habería que descontar ese tempo das prácticas como recién titulado.
- Realización da FCT no extranxeiro dentro do programa ERASMUS+ pero sen bolsa.

## REQUISITOS PARA PARTICIPAR NO PROGRAMA:

- O estudiante deberá estar matriculado nun Ciclo Superior no IES Luis Seoane.
- O estudiante deberá presentar a solicitude de participación no programa ERASMUS+ nos prazos establecidos que estarán publicados no tablón de anuncios do centro.
- O estudiante non poderá ter sido beneficiario dunha bolsa ERASMUS con anterioridade\*.
- O estudiante deberá ter un alto grao de madurez, responsabilidade, flexibilidade e adaptabilidade para afrontar con éxito un cambio de vida, costumes e contornas.

\*No caso de ter disfrutado dunha bolsa ERASMUS ou LEONARDO con anterioridade, descontaríase o tempo xa disfrutado dos 12 meses totais que se poden ter. Cómpre ter en conta que, dos 12 meses máximos das mobilidades Erasmus+, recíbese bolsa un máximo de 5 meses para mobilidades formativas e de 3 meses para prácticas.



## CRITERIOS DE EXCLUSIÓN

Quedarán excluidos do proceso de selección:

- Os alumnos que non superen todos os módulos do Ciclo Formativo de Grao Superior que estén cursando (agás a FCT no caso de ir facela no extranxeiro).
- Os alumnos que por motivos de forza maior renuncien a ser incluidos no proceso de selección. Esta renuncia deberá estar documentada.
- Os alumnos que tiñan sido obxecto de calquera tipo de medida correctora de conducta (expulsión temporal do centro, apertura de expediente disciplinario, etc.)
- Os alumnos que non presenten os documentos requeridos (formulario de solicitud, currículum, TSE, etc.) ou que non asistan a probas ou á entrevista.

## PROCESO DE SELECCIÓN

### 1ª FASE: PROBA DE LINGUA EXTRANXEIRA. (35%)

- Esta fase é **eliminatoria**.
- Realizaranse probas de **inglés, francés e portugués**.
- No caso de que un alumno se presente a varias probas, a efectos de clasificación se terá en conta aquela na que obteña unha nota máis alta. A efectos de adxudicación de destino, o alumno poderá optar a aqueles dos que teña superada a proba de lingua correspondente.

### 2ª FASE: ENTREVISTA PERSOAL. (40%)

A entrevista persoal co alumno solicitante, será levada a cabo por un equipo de selección formado por: a Coordinadora de programas europeos, un membro do equipo directivo, a orientadora, profesores de linguas e dos distintos ciclos formativos. A composición deste equipo poderá variar dunhas entrevistas a outras en función da disponibilidade horaria do profesorado.

Previamente á entrevista, o candidato terá presentado a ficha de recollida de datos, o seu currículo e carta de motivación en castelán e na(s)

lingua(s) na(s) que está interesado en facer as prácticas no prazo establecido, que se comunicará con suficiente antelación.

Durante a entrevista valoraranse os seguintes aspectos:

- **O currículo do alumno:**

Valorarase especialmente a experiencia previa no extranxeiro, os cursos ou títulos acreditativos de coñecemento de idiomas, a experiencia laboral, outros títulos de formación profesional e estudos ou títulos universitarios.

- **Motivación, madurez e autonomía persoal.**

Con este criterio preténdese valorar o compromiso do alumno co programa e a súa capacidade para solventar os problemas cos que se pode atopar (búsqueda de aloxamento, desprazamento ata o centro de traballo, traballo a realizar na empresa, etc.)

Valoraráse especialmente que o candidato sexa quen de aportar a empresa para as súas prácticas ou teña iniciado unha búsqueda activa de empresa e aloxamento.

- **A flexibilidade e adaptabilidade do alumno**

Con este criterio preténdese valorar a capacidade do alumno de amoldarse ás circunstancias tanto no que respecta ao país e á empresa de destino coma ás funcións a desempeñar nela.

- **A información aportada polo titor e o equipo docente do alumno**

Terase en conta tamén a información aportada polo tituor e profesores do alumno respecto á súa actitude nas clases, o seu traballo persoal, asistencia, resultados, etc.

- **O compromiso económico**

Con este criterio preténdese valorar a capacidade do alumno de afrontar os gastos que poida suponer a realización das prácticas no extranxeiro.

Valorarase especialmente o esforzó realizado por alumnos que conseguén finanziarse por si mesmos (traballando e aforrando) polo alto grado de motivación, interese e dinamismo que demostran.

**3ª FASE: EXPEDIENTE ACADÉMICO. (25%)**

Terase en conta o expediente pechado á data de publicación da listaxe de alumnos seleccionados.

**IMPORTE DAS BOLSAS**

País de destino	Bolsa mensual (ata 3 meses máx.)
Dinamarca, Irlanda, Francia, Italia, Austria, Finlandia, Suecia, Reino Unido, Noruega, Liechtenstein.	400 €
Bélgica, República Checa, Alemania, Grecia, Croacia, Chipre, Luxemburgo, Holanda, Portugal, Eslovenia, Islandia, Turquía.	350€
Bulgaria, Estonia, Letonia, Lituania, Hungría, Malta, Polonia, Rumanía, Eslovaquia, Macedonia.	300€

Existe financiación extra para estudiantes con necesidades especiales.

**DURACIÓN DA MOBILIDADE**

Entre 2 y 12 meses. Con bolsa só un máximo de 3 meses.

**FORMACIÓN LINGÜÍSTICA**

Os alumnos que realicen prácticas no extranxeiro dentro do programa ERASMUS+ disporán de formación lingüística on-line nas seguintes linguas: francés, inglés, alemán e italiano.

Os estudiantes deberán realizar como mínimo unha avaliación inicial e outra final da súa competencia lingüística na lingua na que vai realizar as prácticas. Os resultados destas avaliacións non serán tidos en conta para a adxudicación das bolsas.

O centro proporcionará, dentro dos recursos disponibles, formación lingüística noutras linguas non disponibles na plataforma on-line. Os alumnos beneficiarios das bolsas non poderán negarse a recibir esta formación.